Manuel Campos Velay (1 para 1)
Alcalde de Cuntis
Data de Sinatura: 14/01/2021
HASH: 7f342f40e6a97569c5cccf2d31b03353

## Concello de Cuntis

# BANDO

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

Tendo en conta a situación actual que se está vivindo en relación ao **COVID 19** no noso Concello no que pasamos a ser un dos concellos con peche perimetral atopándonos no nivel de restriccións máximo.

**FAI SABER QUE:**

Suspéndese neste Concello as actividades culturais, deportivas, educativas ou de calquera outro tipo realizadas nos locais públicos dende as 00:00 horas do día 15 de xaneiro de 2021 e ata novo aviso.

Esta paralización non afecta ao servizo de conciliación do Cuntilín que se continuará prestando no CPI Don Aurelio nin ao funcionamento do propio colexio que será quen establecerá as limitacións de uso.

Aconséllase, por parte desta alcaldía, que tampouco se celebren este tipo de actividades dentro do ámbito privado e, de así facelo que se teñan en conta as limitacións establecidas, (**catro persoas non convivintes** e preferiblemente non despois das 18:00 horas) e que se continúen coas medidas de seguridade e prevención establecidas, (*uso de máscara, lavado de mans, correcta ventilación, distancia social,...)* .

Por outro lado, recórdaselle que, para a realización de calquera trámite nas oficinas municipais soliciten cita previa nos teléfonos **986548005** ou **986185468,** (servizos sociais).

Para garantir o cumprimento destas medidas reforzarase a vixiancia dos distintos corpos de seguridade dispoñibles no Concello.

Pídese que se actúe con responsabilidade xa que é cometido de todas e todos.

Documento asinado dixitalmente á marxe,

O alcalde,

Plza. Constitución, 4, Cuntis. 36670 Pontevedra. CIF: P3601500F Tfno. 986548005
http://concellodecuntis.es Email: info@concellodecuntis.es

Cod. Validación: 3XGZY332L7SLMX767LQKMMSS6 | Corrección: https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1